



Documentación PARADELA

2^a avaliación

CRA DE MEIS

2019/2020

Tamén se realizaron outras actividades en material impreso que permanecen na aula. Dividín o conxunto de actividades en diferentes cartafoles. Todos os nenos e nenas realizáronas, delas poñerei algúns exemplos a través dalgunhas fotografías.



Este documento é un resumo dalgunhas actividades realizadas durante a segunda avaliación.

Documentación PARADELA

Introdución

RUTINAS

Entre as rutinas realizadas na aula destaco a asemblea, a limpeza e a saída.

A asemblea realízase ao comezo da clase onde se fan actividades como pasar lista, aproveitamos os nomes dos nenos, nenas, mestras e mestres para traballar lectoescritura e matemáticas. Tamén miramos o calendario, explicamos o que imos facer ao longo da sesión...

A rutina da limpeza supón un compromiso e responsabilidade de cada nena ou neno para realizalo.

A saída supón para o neno e nena adquirir autonomía persoal e social, que é reforzada a través de cancións: "a curuxa", " para saír e para entrar", etc.



ARTE

Coa chegada do inverno, falamos desta estación, as súas características, aprendemos cancións e facemos actividades grupais, como neve e boneco de neve.

Traballamos o día da paz co conto " Wangari e as árbores dá paz", vendo a figura desta muller como premio Nobel da Paz. Con ese motivo fixemos a nosa árbore da Paz.

Tamén traballamos o ano olímpico, en concreto e neste ámbito, estudamos o significado dos aros olímpicos e representámoslos.

Coa chegada do Entroido, fixemos unha bandeira de Meis, poñendo en valor o deporte, en concreto o fútbol: "todos somos nenas e nenos futbolistas".



LECTOESCRITURA

COORDINACIÓN
OCULOMANUAL

GRAFOMOTRICIDADE

LECTURA DE CONTOS

LEER

COOR. ÓCULO- MANUAL

Son actividades sinxelas pero útiles para a vida diaria como: sacar punta ás nosas cores e xogar a diversos xogos: quebracabezas, moldeamos e facemos figuras con plastilina...



GRAFOMO- TRICIDADE

Actividades:

- Escribir o noso nome e o dos demais.
- Traballamos a letra O con plástina, estampando con selo.
- Agrupamos nunha maleta palabras que empecen por O.
- Traballamos a E con diferentes tipos de E e recoñecéndoa xunto con outras letras.
- Tesouro escondido: atopamos en lentellas.
- Grafomotricidade: horizontal, vertical, diagonal...
- Traballamos letras consonantes: m, p, l, s, r, n, c, d, b, t...



LECTURA CONTOS

Lemos “os contos que vén e van”, contos da “mochila viaxeira” e contos da biblioteca da aula.



LEER

A lectura realízase de forma significativa para eles en toda a xornada. Os máis pequenos xa se inician na lectura dos nomes propios e dos seus compañeiros.



MATEMÁTICAS

Actividades:

- Ordenación temporal de bonecos de neves e a súa correspondencia numérica.
- Serie numérica.
- Segundo o número do dado, alongar o tamaño do verme con tapóns.
- Inserimos un número determinado de pezas nun pau suxeito a plastilina.
- Series con cores encaixando pezas.
- Asociar grafía con cantidade.
- Xogo con cartas, serie numérica, agrupamos as cartas pola cantidade.



PSICOMO- TRICIDADE

Traballamos a psicomotricidade grossa coordinando as diferentes partes do corpo con actividades tales como:

- Xogos de pés e mans.
- Birlos.
- Xogos con pelotas, diferentes tamaños e texturas.



ENTROIDO

Utilizamos os Entroidos para vinculalo co PDI sobre as mulleres para destacar a través do deporte (e centrándonos no fútbol) traballar a Vero Boquete. Futbolista galega considerada e recoñecida a nivel mundial.



PATIO

Utilizamos indumentaria necesaria para saír ao patio naqueles días nubrados. Xogamos e divertímonos.



RINCÓN SIMBÓLICO

Realizamos xogo simbólico con todos os xoguetes da aula, entre eles destacamos o tren, animais, vestir e desvestir aos bebés.



A lúa e o lobo, visita a Pontevedra.

TEATRO



MULLER

TRABALLADORA

Fixemos un cartel de conmemoración do día de "a Muller traballadora". Era unha declaración de intencións, igualando os dereitos das mulleres, buscando un crecemento persoal e social e empoderamento.



MEDALLA

Traballamos os Xogos Olímpicos.
Descubrimos o lugar onde se vai a celebrar. As súas mascotas. O baile oficial. O seu baile oficial. Diferentes deportes e elaboramos complementos para o Entroido. Como conclusión elaboramos as nosas medallas.



SEMANA PRENSA

Vimos como é un xornal. Entre as actividades que fixemos destacamos:

- Buscar diferentes tipos de deportes. Recortar e pegalos nun folio.
- Enchemos a primeira sílaba do noso nome con anacos de papel.
- Traballamos a muller deportista a través de Internet.



VOZ NATURA

Plantamos entre todos amorodos, leitugas,
tomates, pementos, verdura...



INVERNO

Asociamos cantidade con grafía e puntos en bonecos de neve e en rectángulos con flocos de neve. Traballamos vocabulario de roupa de inverno escribíndoas con letras móbiles e gráficamente.



VÍDEOS

Hai tres vídeos no Drive.